

PRESENTACIÓN

Coa intención de achegar a literatura a todos os estamentos da sociedade, incluída esa xente que non sempre ten acceso a ela, nace "Biblos difusión", un proxecto de Galiza Nova (en colabora-

ción con Biblos e a asociación de Escritores en lingua galega) que presenta, en formato de folla voandeara, o texto dun escritor galego. A intención é que en vindeiros números sexan autores da

bisbarra de Bergantiños, co fin de mostrar que a literatura galega moito futuro por diante", en palabras do promotor da iniciativa, o carballés Vitor Recarei.

Galiza Nova da a coñecer a literatura galega e bergantiñá

Onete á noite foi presentado o primeiro número de "Biblos difusión"

M. COBAS > CARBALLO

■ "Entre dous días importantes (o martes conmemorouse o Día da muller traballadora e hoxe é o Día da clase obrera galega) que a priori non parecía ter nada especial, nace o que para nós é fundamental, porque ve a luz o primeiro número de Biblos difusión". Eran as verbas de Vitor Recarei, responsable comarcal de Galiza Nova, na presentación desta folla voandeara "que tenta achegar a literatura á xente que non sempre ten acceso a ela" segundo Tucho Calvo (responsable de Biblos e parte fundamental do proxecto xunto á asociación de Escritores en lingua galega), "porque para ler o único que hai que ter son gañas de ler, pero a veces a literatura haina que descubrir", apuntaba Mercedes Queixas (secretaria de asociación).

Un folio feito libro que presenta un relato curto dun escritor galego. O primeiro, Francisco X. Fernández Naval, poeta e novelista moi vencellado á bisbarra polos lazos da amizade co seu relato "Amor ás cegas", que el mesmo califica de "texto feliz". En futuras publicacións a intención é que sexan os autores de Bergantiños os que mostren parte do seu traballo nestas follas. Escritores do noso tempo, "porque é preciso demostrar



A presentación do primeiro número de "Biblos difusión" tívó lugar onte á noite no Casino carballés

trar que existiron Rosalías e Castelao, pero que tamén existen Rivas ou Toros, porque a literatura galega ten moito futuro por diante", apuntaba Recarei.

As follas (que xa teñen un precedente histórico na cultura do país no "Resoplo" publicado por Luis Seoane e Arturo Cuadrado,

tal e como apuntou Fernández Naval) serán repartidas en lugares tan dispares coma os centros de ensino e as feiras. De feito, este domingo, unha ducia de literatos achegaranse ao mercado carballés para repartir exemplares de Biblos difusión (viron a luz un milheiro deles) entre as persoas alf

congregadas, ás que ademais intentarán a participar nun xogo. Son quen de recoñecer a boa parte dos escritores presentes entrando no sorteo de tres lotes de libros que poderán recoller na caseta que a Librería Brañas (también implicada no proxecto) colocará na praza do concello.